


HOMENAXE A LUIS FREIRE GARCÍA

NO CENTENARIO DO SEU NACEMENTO

(A Coruña, 8 de abril de 1914 /Vigo, 13 de decembro de 1997)

Socio fundador e primeiro presidente do *Grupo Micolóxico Galego*, socio fundador e presidente entre 1980-1986 da *Sociedade Galega de Historia Natural*, socio fundador da *Asociación de Amigos da Casa das Ciencias*, entre outras.



Foi un home do renacemento no século XX, exerceu como practicante, naturalista, biólogo (desde 1974), humanista, investigador, divulgador científico e, sobre todo, MESTRE de todos os que o coñecemos; por iso imos conmemorar na fin de semana do 12-13 de abril o Centenario do seu Nacemento coa colocación dunha placa na rúa Luís Freire (A Coruña) e outros actos públicos que, no seu momento, serán publicados.

ACTIVIDADES DO *GRUPO MICOLÓXICO GALEGO*

ANO 2013

- 
- 17 febreiro:** Saída a Ortigueira (A Coruña). Organiza Cristina García-Echave.
- 17 marzo:** Saída a Chantada (Lugo). Organizan Antonio Paz e J. Carlos Alonso.
- 14 abril:** Saída á Devesa do Nimo (Noia, A Coruña). Organiza Elvira Sahuquillo.
- 11-12 maio:** Saída a O Bierzo (León). Organizan *Asociación Micológica Leonesa "San Jorge"* e J. Carlos Alonso.
- 16 xuño:** Saída á Fraga da Marronda (Lugo). Organiza Cristina García-Echave.
- 20-21 xullo:** Saída a O Courel (Lugo). Organiza Elvira Sahuquillo.
- 14-15 setembro:** Saída a Vilariño de Conso (Ourense). Organiza Patricia Comesaña.
- 19-20 outubro:** Saída a Vinhais (Braganza, Trás-os-Montes). Organizan Marisa Castro e Xavier Martins.
- 31 outubro -** VII Encontro Internacional de Micología do Arco Atlántico en Lugo (Lugo). Organiza *Sociedade Micológica Lucus*.
- 3-8 novembro:** XXI Xornadas Micológicas da C.E.M.M. en Arroyo Frio-La Iruela (Jaén). Organizan *Asociación de Desarrollo Rural Sierra de Cazorla* e *Asociación Botánica y Micológica de Jaén*.
- 24 novembro:** Saída a Parada de Sil (Ourense). Organiza José Rodríguez Vázquez.
- 15 decembro:** Saída as Fragas do Eume (A Coruña) e xantar anual do G.M.G. Organiza José Antonio Díaz Núñez.

MYKES

Instrucións aos autores

MYKES é unha revista micolóxica de ámbito científico que publica orixinais en galego, sobre sistemática, morfoloxía, coroloxía e outros temas relacionados coa macromicoloxía (ascomicetos, basidiomicetos e mixomicetos) galega ou non.

Publícase un número por ano. Cada número presenta unha estrutura en catro seccións: a primeira sección é fixa e denomínase “Micobiota” e as tres restantes son “Fragmenta Chorologica Gallaecica, Fungi”, “Comunicacións” e “Misceláneas”. Os autores indicarán en cada caso a sección na que desexen publicar os seus traballos.

Os traballos leranse e revisaranse polo Consello Editorial. Para ser incluídos nas seccións “Micobiota” ou na sección “Fragmenta Chorologica Gallaecica, Fungi”, os manuscritos serán traballos orixinais de investigación e enviaranse a especialistas na materia para que, en cada caso, realicen un informe sobre os mesmos. Para os artigos das seccións “Comunicacións” e “Misceláneas” a aceptación final tan só dependerá do Consello Editorial.

A división en seccións do Mykes pretende facilitar a publicación dun maior número de estudos relativos á micoloxía sen perde-la vocación científica coa que naceu a revista. Polo tanto, na sección “Micobiota” consérvase a mesma tipoloxía de artigos publicados ata o nº 9. Na sección “Fragmenta Chorologica Gallaecica, Fungi” estandarízanse tódalas aportacións corolóxicas relativas ás catro provincias galegas. Na sección “Comunicacións” publícanse traballos de todo tipo no que o mundo da micoloxía é un dos eixes centrais (divulgación, educación, fitopatoloxía, intoxicacións, investigacións gastronómicas, etc.). Na sección “Misceláneas” pormenorízanse as distintas actividades do G.M.G., así como as informacións relativas a outras asociacións micolóxicas, galegas ou non, e tamén comentarios e análise sobre outras publicacións micolóxicas.

FORMATO XERAL DOS TRABALLOS

Estarán escritos en lingua galega normativizada. Para os artigos redactados en lingua castelá enviarase ademais un escrito autorizando a súa publicación en galego.

Os textos serán mecanografados a espazo sinxelo, coas marxes amplas (mínimo 2,5 cm.), tipo de letra Times New Roman e tamaño de letra 12. As palabras non estarán divididas por guións e tan só os nomes científicos estarán en cursiva, ningunha palabra estará subliñada e non haberá notas a pé de páxina. As páxinas estarán numeradas, as figuras e as ilustracións tamén numéranse con números arábigos seguindo a orde de aparición no texto, gardándoas en arquivos aparte (JPG ou TIF).

Para tódalas abreviaturas, os nomes das revistas, libros citados deben citarse o B-P-H e o TL2 e para os autores dos taxons a obra de BRUMMITT et POWELL (1992) ou KIRK et al. (<http://www.indexfungorum.org>).

NORMAS PARTICULARES PARA CADA SECCIÓN

Sección “MICROBIOTA”:

Por regra xeral non deberán exceder das 10 páxinas, incluíndo táboas e figuras. Os textos estrutúranse cos apartados de título, autores e dirección dos mesmos, resumo, palabras clave (en galego e inglés), introdución, metodoloxía, resultados e discusión, agradecementos e bibliografía. O resumo en galego e inglés, non pode exceder das 100 palabras, ten que ser intelixible e dar unha idea rápida do contido do traballo. Irá acompañado dun máximo de 10 palabras clave.

Na bibliografía só figurarán aqueles traballos que se mencionan expresamente no texto. As referencias débense facer do seguinte xeito: BON (1990), cando se quere dar unha referencia xustificativa, ou BON (1990: 43), cando se queira referir a unha páxina concreta. A bibliografía ao remate do traballo ten que estar ordenada alfabeticamente por nomes de autores e cronoloxicamente para os traballos dun mesmo autor. As referencias faranse da seguinte maneira:

KITS VAN WAVEREN, E. 1985. The Dutch, French and British species of *Psathyrella*. *Persoonia*, supl. 2: 1-400

KONRAD, P. et MAUBLANC, A. 1924-1937. *Icones Selectae Fungorum*. 6 vols. Ed. Lechevalier. Paris

Sección “FRAGMENTA CHOROLOGICA GALLAECICA, FUNGI”:

Por regra xeral non deberán exceder das 5 páxinas. Recóllense os datos dos taxons que representen unha primeira ou segunda cita provincial, nalgunha das catro provincias galegas. Tamén poden incluírse as primeiras citas despois do ano 1971 e correccións de outras citas. O formato debe seguir a estrutura destes exemplos:

***Geopora sumneriana* (Cooke) M.Torre, *Anales Inst. Bot. Cavanilles*, 32: 96. 1975**

*PONTEVEDRA: Mos, Tameiga, 29TNG2770, baixo *Cedrus deodara*, 27-III-2001, J.Rodríguez, LOU-Fungi 16628.

Amanita boudieri* Barla, *Bull. Soc. Mycol. France*, 3: 195. 1887 var. *boudieri

A CORUÑA: Ames, Caroubáns, 29TNH2847, bosque mixto de *Pinus pinaster*, *Quercus robur* e *Eucalyptus globulus*, 2-V-2001, I.Galarza, LOU-Fungi 16630. 2ª cita provincial (CASTRO et FREIRE, 1992: 68).

Os binomen completos noméanse por orde alfabética e para cada unha deles deben aparecer os seguintes datos: a provincia, a localidade, as coordenadas UTM, o hábitat, a data da recollida, o nome do recolledor e o número de *exsiccata* (preferiblemente nun herbario oficial, aínda que tamén se aceptarán os de particulares convenientemente numerados).

As primeiras citas provinciais indícanse cun asterisco precedendo o nome da provincia. Nas segundas, indícase a páxina, o ano e os autores da publicación da primeira cita, completando a referencia bibliográfica nun apartado de bibliografía. Nesta sección non son necesarios os apartados de título e introdución.

Sección “COMUNICACIÓNS”:

Adaptándose á temática tratada debe procurarse seguir as mesmas normas (divulgación, pero con rigor científico) cas indicadas para a sección “Micobiota”. Por regra xeral o límite de páxinas non debe exceder o de 5, incluíndo táboas e figuras.

Sección “MISCELÁNEAS”:

Por regra xeral a extensión máxima dos manuscritos límitase a media páxina por acontecemento. Por outra parte para esta sección, tan só é necesario sinalar o título, os nomes e a dirección dos autores.

ENVÍO DOS TRABALLOS

Enviaranse copia en papel ao Consello Editorial da revista Mykes (Grupo Micolóxico Galego. Apdo. 3083. 36200-Vigo) e outra copia idéntica en soporte informático (CD ou vía e-mail), preferiblemente MS-Word (ou compatible). No caso de optar polo envío dos traballos en formato electrónico vía e-mail, utilizarase a seguinte dirección: conselloeditorial@mykes.es.

MYKES
VOLUME 16, 2013
ÍNDICE

MICROBIOTA

- REQUEJO, O. Novas citas de *Lysurus cruciatus* (Lepr. et Mont.) Lloyd para o noroeste da Península Ibérica **7**
REQUEJO, O. New collections of *Lysurus cruciatus* (Lepr. et Mont.) Lloyd for the northwest of the iberian peninsula
- ALONSO, J. et REQUEJO, O. *Russula galochroa* (Fr.) Fr. en Galicia (N.O. Península Ibérica) **13**
ALONSO, J. et REQUEJO, O. *Russula galochroa* (Fr.) Fr. in Galicia (N.W. iberian peninsula)
- REQUEJO, O. *Marasmiellus tricolor* (Alb. et Schwein.: Fr.) Singer, unha especie pouco frecuente recollida en Galicia **19**
REQUEJO, O. *Marasmiellus tricolor* (Alb. et Schwein.: Fr.) Singer, a rare species found in Galicia
- CORRAL, S. et LORENZO, P. *Tricholoma caligatum* e *Ciborinia camelliae*, dúas especies interesantes na Península do Morrazo (Pontevedra, España) **25**
CORRAL, S. et LORENZO, P. *Tricholoma caligatum* e *Ciborinia camelliae*, dúas especies interesantes na Península do Morrazo (Pontevedra, España)

FRAGMENTA CHOROLOGICA GALLAECICA

- CASTRO, M.L. Nota Breve - Comentarios e corrección de tres *exsiccata* do xénero *Cortinarius* da micoteca LOU-Fungi (Pontevedra), revisadas por José Antonio Cadiñanos Aguirre **33**
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. et CASTRO, M.L. Fragmenta Chorologica Gallaecica, Fungi 167-183 **35**
- BLANCO-DIOS, J.B. Fragmenta Chorologica Gallaecica, Fungi 184-244 **41**

COMUNICACIÓNS

CASTRO, M.L. et RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. Sinopse breve sobre nomenclatura científica en micoloxía	57
CASTRO, M.L. Representación de cogomelos na arte sacra ibérica: Vilafranca do Bierzo (León, España)	71

MISCELÁNEAS

“Aula aberta de micoloxía” en Salceda de Caselas	83
Homenaxe a Luís Freire García no centenario do seu nacemento	88
Actividades do <i>Grupo Micológico Galego</i> . Ano 2013	89
Instrucións aos autores	90

Ficha de socio-subscritor á revista Mykes (Boletín do Grupo Micolóxico Galego)

D/na.....
Rúa
Código postal e localidade.....
Provincia.....
Tfno..... e-mail.....

Asdo.

Sr. Director do Banco ou Caixa.....
sito en
eu,, con DNI.....
solicito de Vd. que abone ó Grupo Micolóxico Galego a cuota que pre-
sente ó meu nome, correspondente á suscripción da revista MYKES, na
conta que figura nesa entidade a nome de
..... COS
seguintes díxitos:

(poñer os 24 díxitos)

Para que así conste asino en, de de 20__

Asdo.....
